

## VIVIR E ORAR EN OUVIGO (OS BLANCOS)

ÓSCAR PENÍN ROMERO

### RESUMO

Este artigo busca unha nova aproximación ao estudo do oratorio paleocristián de Ouvigo, considerándoo como unha peza esencial nos procesos históricos da contorna da Lagoa de Antela. O texto pon especial atención na relación entre Ouvigo e a antiga Xinzo de Limia romana, como punto de partida dun futuro traballo de doutoramento.

### RESUMEN

Este artículo busca una nueva aproximación al estudio del oratorio paleocristiano de Ouvigo, considerándolo como una pieza esencial en los procesos históricos de la contorna de la Lagoa de Antela. El texto pone especial atención en la relación entre Ouvigo y la antigua Xinzo

de Limia romana, como punto de partida para un futuro trabajo de doctorado.

### ABSTRACT

This article seeks a new approach to the study of the Paleochristian oratory of Ouvigo, considering it as an essential piece in the historical processes surrounding the Lagoa de Antela. The text pays special attention to the relationship between Ouvigo and the ancient Roman Xinzo de Limia, serving as a starting point for future thesis.

### Key words

Ouvigo, Paleochristian oratory, Heritage socialization, Anthroponymy

### 1. Introducción: o oratorio paleocristián de Ouvigo e o concello de Os Blancos

A historia do concello dos Blancos está ligada aos decretos de ordenamento do territorio que emanaron da Constitución española de 1812. Aparece referenciado no ano 1821, un primeiro concello co nome de Pegeiros (actual núcleo de Pexeiros). Nome que manterá tamén no momento da división de Galicia en catro Provincias, que fai Javier de Burgos no comezo do ano 1822.

Non sería ata catorce anos despois cando o Boletín Oficial da Provincia promulgase unha nova lista de concellos onde, por primeira vez, aparece referenciado como “Blancos y Mouril”, no 15 de xullo de 1836. Pouco máis tarde, a nomenclatura será mudada pola de “Cobelas” en 1845 e a partires de 1847, xa definitivamente, como “Blancos”.<sup>1</sup>

Este baile de nomes para o Concello ten que ver coa preferencia que os lexisladores liberais tiveron polos criterios demográficos, fronte a outros máis condicionados pola historia e a tradición. Así amosaban, ben as claras, a súa intención de rachar co Antigo Réxime<sup>2</sup>.

<sup>1</sup> FARIÑA JAMARDO, X., 1993: 60-61.

<sup>2</sup> Decreto do 23 de Maio de 1812. Dispuña o decreto a creación de concellos en lugares de poboación inferior ás mil almas e cuxas circunstancias particulares, agrícolas ou industriais, o aconsellasen. (ORDUÑA REBOLLO, E., 2003: 796).

O nome actual ten orixes incertas. Podería facer referencia á presenza dalgunha pena ou penedo de carácter calcario como no caso do Taro Branco do Courel<sup>3</sup> ou ter unha posible relación co pasado xermánico dos Blancos, tendo orixe, ao igual que o apelido Blanco, nun alcume motivado polo ton pálido da pel e o cabelo dos habitantes da zona<sup>4</sup>. Aínda que a lóxica parece indicar que, ao igual que acontece nunha das rúas máis antigas da cidade de Ourense, o nome deriva da presenza de carniceros e os seus mostradores de mármore branco<sup>5</sup>.

A pesar de que a asignación da capitalidade nos Blancos non se basease en criterios históricos, non quere dicir que non teña fundamento histórico. En Ouvigo, núcleo de poboación que fai parte da capitalidade, contamos co oratorio e necrópole paleocristiá de san Breixo ou san Verísimo. É este un xacemento de altísimo valor para coñecer o fin do mundo romano e o nacemento do mundo medieval.

## 2. Fases do xacemento

Foi Ouvigo, unha das últimas intervencións de campo que podemos asociar aos homes e mulleres do Seminario de Estudos Galegos, a través da figura continuadora de Ferro Couselo. Descuberto polo arqueólogo Antonio Rodríguez Colmenero no verán de 1971, mentres realizaba o inventario artístico da Limia. Tras o achado, en 1972 levouse a cabo unha primeira escavación de urxencia dirixida polo propio Ferro Couselo, naquela altura director do Museo Arqueolóxico de Ourense, seguida por catro campañas entre 1977 e 1981 dirixidas por Colmenero, que permitiron exhumar unha necrópole e unha edificación con orixe atribuída á época romana<sup>6</sup>.

Coincide a construción do templo cun tempo de mudanzas ben rexistradas na obra do bispo Idacio<sup>7</sup>, quen finaliza no ano 469 a súa crónica nun ton apocalíptico, en medio dun contexto relixioso onde coexistían prácticas pagás, a igrexa oficial e o arrianismo cristián traído polos pobos xermánicos. Sería o oratorio, un xacemento coetáneo a este tempo.

A pesar do longo pouso do xacemento de Ouvigo e a súa importancia, resulta paradoxal, o seu relativo abandono. A isto, creo, pode contribuír o illamento da propia poboación de Ouvigo e, non en menor medida, ser considerado como un espazo amortizado para a

---

<sup>3</sup> ANGUEIRA, A., 2014: 60.

<sup>4</sup> DURO PEÑA, E., 1973: 195.

<sup>5</sup> GALLEGO DOMÍNGUEZ, O., 2001: 58.

<sup>6</sup> COLMENERO, A. R., 1985: 263-388.

<sup>7</sup> GARCÍA, S. B., 1996: 117-132.

investigación, unha vez esgotados os niveis arqueolóxicos do oratorio e terse definido as seguintes fases<sup>8</sup>

### **Fase 1: Segunda metade do século IV-inicios do século V**

Constrúese o edificio orixinal, empregando materiais de construcións anteriores. A planta estaba dividida en dous espazos principais: ábsida e nártex, o que suxire un uso comunitario cristián. Durante as escavacións atopáronse diversos materiais, como teselas, mosaicos, estucos pintados e moedas.

### **Fase 2: Post-invasións xermánicas**

Tras as invasións xermánicas, o edificio foi reconstruído mantendo a planta e os muros, pero cambiando a súa orientación. Esta nova fase estenderase ata as invasións do século VIII.

### **Fase 3: Século X (repopoación de Afonso III)**

Durante a repoboación promovida por Afonso III, o lugar experimentou un novo auxe. Así o testemuñan os restos de cerámica atopados e as numerosas sepulturas.

### **Fase 4: Século XI (despois das invasións de Almanzor)**

Tras as invasións de Almanzor e coa chegada dunha época de paz, o sitio restaurou plenamente a súa función relixiosa. A igrexa, xa dentro da etapa románica, mantivo a súa estrutura con poucas alteracións, e tivo unha actividade intensa, reflectida nas numerosas sepulturas e obxectos litúrxicos, como un píxide que se conserva no Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

## **2.1 Unha fase inicial pouco definida**

Nunha lectura do artigo de Colmenero<sup>9</sup>, atopamos a idea dunha fase construtiva previa, sen chegar a concretar a súa entidade e dimensións. Esta fase estaría identificada por columnas dóricas, perpiaños, buratos de poste e mesmo cerámica atopada no xacemento<sup>10</sup>.

<sup>8</sup> COLMENERO A.R, 1985: 279-307.

<sup>9</sup> COLMENERO, A. R., 1985: 263-388.

<sup>10</sup> ...en el suelo natural del edificio rectangular, al que denominaremos oratorio, han sido descubiertos hoyos circulares, ranuras y canales, que postulan una datación anterior, lo que, junto con otros vestigios similares ..., demuestran una más antigua ocupación del lugar" (COLMENERO, A. R., 1985: 308).

Con todo, os estudos do profesor Colmenero non chegan a situar con claridade esta primeira fase construtiva de Ouvigo no emprazamento do oratorio<sup>11</sup>.

No que se refire a futuros estudos, o feito de descoñecer a extensión e a conformación desta fase, configura unha oportunidade para retomar os traballos sobre esta aldea limiá e seguir a descubrir a historia de Ouvigo.

## 2.2 Ouvigo, o descubrimento dunha paisaxe

Para continuar cara o descubrimento de Ouvigo, é preciso desenvolver unha ollada diferente á que ten rexido as investigación sobre o oratorio ata o momento. A nova ollada necesariamente ten que superar o xacemento arqueolóxico como ente illado e situalo nun contexto máis amplo. Un estudo de contexto que empregue as metodoloxías da arqueoloxía da paisaxe, a través da análise do territorio e os elementos que o constitúen ao longo do tempo.

Neste punto, toca lembrar que as sucesivas campañas de escavación esgotaron todos os niveis arqueolóxicos e que o propio Colmenero refírese a imposibilidade de aumentar a escavación en área, ao continuar o xacemento por baixo de vivendas privadas<sup>12</sup>. Polo tanto, a pesar do seu enorme interese, parece difícil que se vaia a producir unha nova escavación no medio prazo.

Sen a escavación como ferramenta principal, parece preciso procurar un novo punto de partida que constituía a *caementicium* que axude a comprender e agrupar os procesos históricos acontecidos.

## 3. Unha relación do patrimonio de Ouvigo a día de hoxe

Un primeiro punto de partida é a elaboración dunha relación do patrimonio coñecido da contorna de Ouvigo e os elementos que poidan estar relacionados cronolóxicos ou xeograficamente coa fase de Ouvigo a estudar.

Para iso, empreguei plataformas como o *Catálogo do Patrimonio Cultural da Alta Limia* do MusarqOU, así como documentos de ordenamento, especialmente o *Plan Básico Autonómico*, o *Visor de Aproveitamentos Forestais*, o *Proxecto de delimitación planimétrica dos xacementos arqueolóxicos de*

---

<sup>11</sup> ...los restos de un edificio importante, no sabemos de qué naturaleza, levantado con anterioridad en el mismo solar o en otro próximo." (COLMENERO, A. R., 1985: 308).

<sup>12</sup> COLMENERO, A. R., 1985: 269.

Os Blancos e o PXOM de Xinzo de Limia, ademais da bibliografía elaborada polo propio Colmenero. O resultado desta pescuda foi o seguinte.

Na listaxe de bens do patrimonio cultural de Galicia (2024), aparecen os seguintes elementos<sup>13</sup>:

Xacemento	Código GA	Descrición
Xacemento romano da Abilleira	AC32012003 <sup>14</sup>	Tégula e latericio en superficie.
Xacemento de O Touzal, do Castelo ou do Castro	GA32032037- GA32032024	En realidade un mesmo xacemento tomado por separado ao estar dividido entre os concellos de Os Blancos e Xinzo de Limia. Existen estruturas arqueolóxicas propias dun castro da Idade do Ferro e tamén se atopou un pequeno machado de talón truncado. Un elemento que nos indica que pode ser un lugar de alta importancia arqueolóxica é a súa historia Alto Medieval. Juan Carlos Rivas <sup>15</sup> sitúa este monte do Castelo como posible opción para a situación do Castelo Ripario e o <i>Tombo de Celanova</i> menciona a existencia dun castelo e igrexa con advocación a San Xurxo sobre o priorado de Ribeira e baixo a igrexa de San Verísimo <sup>16</sup> .
Xacemento da Llanada do Castelo	GA32032021	Identificado como un castro. O xacemento sitúase nun outeiro cunha ampla visibilidade.
Xacemento da Castro de Parada de Ribeira	GA32032042	Castro de Parada presenta unha planta con forma ovalada de reducidas dimensións e érguese a 140 metros de altitude.

<sup>13</sup> Xunta de Galicia. (2024). *Listaxe de bens do patrimonio cultural de Galicia*. Dirección Xeral de Patrimonio Cultural. [https://territoriourbanismo.xunta.gal/sites/default/files/plan-basico-autonomico/09\\_AnexoIX-II\\_PBA\\_Act202406\\_gal.pdf](https://territoriourbanismo.xunta.gal/sites/default/files/plan-basico-autonomico/09_AnexoIX-II_PBA_Act202406_gal.pdf)

<sup>14</sup> Na prospección dos arqueólogos Tomás Rodríguez e Ana Filgueira aparecen materiais romanos como tégulas, latericio, cerámicas ou muíños que foron depositado no Museo dos Milagres de Montemedo polo párroco local. *Proxecto de delimitación planimétrica dos xacementos arqueolóxicos dos Blancos, 2017*: 86.

<sup>15</sup> RIVAS, J.C.,1990-1991: 221-331.

<sup>16</sup> TC, fols. 105r. - 106r ...territorio iam dicta Limia, subtus castro et ecclesia sancti Georgii, et alia ecclesia ab antiquis vocata sancto Vereissimo aquas discurrentes ipsa iam s\u\pradicta Limia, basilica vocata sancta Maria monasterio Riparia.

Antigo priorado de Mosteiro de Ribeira	GA32032023	Mosteiro de Santa María de Ribeira, fundado no século X, pasou a mans do Mosteiro de Celanova no século XI, mantendo certa autonomía ata a reforma dos Reis Católicos. No século XV, a vida monástica desaparece.
Vía romana Chaves-Ourense <sup>17</sup>	Sen código	O profesor Colmenero tamén identifica unha Vía romana Chaves-Ourense

En canto ao **patrimonio moble**, resultan interesante o importantísimo patrimonio epigráfico da zona, composto por tres **epígrafes romanos** identificados en Mosteiro de Ribeira e varias laudas sepulcrais alto medievais en Ouvigo. Dúas das inscricións son de carácter votivo, dedicadas aos deuses indíxenas “Reve Eisuto” e “Crougin touda digoe”, respectivamente. A terceira é unha lápida sepulcral atribuída a un cidadán romano con tria nomina e mención á tribo Quirina<sup>18</sup>. Entre as laudas de Ouvigo, contamos cunha con iconografía de orante<sup>19</sup>. Tamén, cunha lauda de estola datada no ano 907 na que se pode ler a inscrición “ic iacet famulus dei begica obiit era dccccxxxiv”, oculta nunha palleira que comparte un muro co oratorio<sup>20</sup>.

<sup>17</sup> Está comprobado que uno de los «Diverticula», caminos divergentes de esta misma vía, comunicaba con aquella importante arteria viaria las tierras altas de la penillanura de Blancos y parajes montuosos situados más al sur, llegando hasta la no lejana Aquae Flaviae. (COLMENERO, A. R., 1985: 267).

<sup>18</sup> COLMENERO A.R., 1985: 268.

<sup>19</sup> El tema del orante es como se sabe uno de los más socorridos dentro de la iconografía Paleocristiana... El paralelo más próximo es el relieve del sarcófago cristiano de Barba Singlia,... Se datan aquellos restos en el s. IV o V nosotros. creemos que la lauda de Ouvigo podría ser susceptible de una cronología similar o ligeramente posterior, tal vez principios del s. VI. (COLMENERO A.R., 1985: 321).

<sup>20</sup> COLMENERO A.R., 1985: 289.



Figura 1. Mapa da listaxe de bens do patrimonio cultural na contorna de Ouvigo (elaboración propia).

#### 4. Conectando coa paisaxe a través da antroponimia

Nun primeiro momento, tanto os niveis arqueolóxicos como a toponimia parecían conectar a orixe de Ouvigo co nome *Vicus*, tal como reconece Colmenero. Non entanto, no seu artigo do volume II do recopilatorio da exposición *In Tempore Suevorum*, rectifica, argumentando que a toponimia faría referencia a un propietario romano chamado *Ovanicus*<sup>21</sup>, aínda que non cita a documentación medieval onde se menciona este nome. A pescuda sobre este posesor foi infrutuosa, pero si logrei identificar as formas medievais *Oveniigo*<sup>22</sup> e *Ovuenico*<sup>23</sup> no *Tombo de Celanova*. A pregunta sería se podemos atopar algunha conexión entre estes topónimos e os achados arqueolóxicos. A resposta é que esta relación pódese establecer a través da lauda de estola de *Begica*.

Segundo Piel e Kremer, *Begica* é un nome masculino medieval, de orixe xermánica, formado por unha raíz gótica e un sufixo hipocóristico, *-ica*. Rexístrase no s. X. A súa raíz etimolóxica, en alemán, identifícase coa raíz *Au* e o termo proto-xermánico *Aujo*<sup>24</sup>, emparentada

<sup>21</sup> COLMENERO, A. R., 2018: 365.

<sup>22</sup> TC, fols. 14r. - 14v.

<sup>23</sup> TC, fol. 108v.

<sup>24</sup> KROONEN, GUUS, 2013: 41.

cos termos xermánicos medievais: *ouma* ou *oume* (hidrónimo co significado: terra mollada) e raíz da que derivaría a palabra galega -veiga-<sup>25</sup>.

Sería Ouvigo un nome relacionado con nome medieval *Begica*, e de ambos coa raíz da palabra galega veiga, que a súa vez habería que pór en relación cun documento datado no ano 1045 da nosa era, na poboación de Mosteiro de Ribeira, onde aparece un asinante de nome Munio, que emprega un patronímico derivado do nome *Begica*<sup>26</sup> e que asina como prior da Veiga. Como vemos, nada que nos leve con claridade ao Ouvigo romano. En todo caso, aínda que escapa do tema deste artigo, quedaría por resolver a interesante cuestión de cal sería a posible relación entre o noso *Begica* e o asinante e, de ambos, co fundador do Mosteiro da Veiga, San Munio.

#### 4.1 Unha paisaxe con longo pouso

Aínda que as orixes do nome de Ouvigo non parecen levarnos cara época Imperial, o feito de ser un hidrónimo, si que nos serve para emparentar coa idea do influxo da Lagoa de Antela no poboamento da zona. Baixo esta ollada, podemos comezar a entender os diferentes elementos que compoñen a paisaxe arqueolóxica dende as palabras do arqueólogo Fidel Fita sobre Mosteiro de Ribeira, poboación moi próxima a Ouvigo: “no podía menos de ser propicia á una densa población romana mezclada con la gallega indígena”<sup>27</sup>

Se atendemos aos diferentes elementos patrimoniais achados na contorna, parece difícil pensar que xacementos como o Castelo (ou O Touzal), a Llanada do Castelo e o Castro de Parada de Ribeira, o oratorio de Ouvigo, a Abilleira ou o Mosteiro de Ribeira sexan realidade separadas e tan só unidas polo feito de estar dispostas nas proximidades da Lagoa de Antela.

Parece máis apropiado pensar nunha paisaxe arqueolóxica articulada na contorna dunha vía romana, con centro xeográfico no xacemento do monte do Castelo e que ten, en época romana, un importante desenvolvemento<sup>28</sup>.

Son sabedor de que para escalar está teoría de mera conxectura a hipótese científica apaixonante precisaría de engadir máis argumentos, que creo atopar nas lápidas, hoxe

<sup>25</sup> 41.3 de: HGN = PIEL, JOSEPH M. / DIETER KREMER (1976): Hispano-gotisches Namenbuch. Heidelberg: Carl Winter. Villavega... gehen ON wie leon. Villavega P = +v. Ueica 952 IS 133

<sup>26</sup> AGRELO, A. I. B., 2019: 73.

<sup>27</sup> FITA, F., 1911: 404.

<sup>28</sup> De facto, os castros que persisten ocupan os relevos mais significativos da região, controlando os vales e o traçado das vías militares, designadamente portelas e zonas de passagem. Nesta área os novos habitats surgen na periferia dos territórios económicos destes castros, que serán portanto respeitadas. (MARTINS, M. M., LEMOS, F. S., & LOSADA, F. P., 2005: 269)



desaparecidas, do priorado de Mosteiro de Ribeira. Concretamente, na lápida dedicada ao cidadán romano Marco Xuño Robusto:

**“M(arco) Iunio Quir(ina) \ Robusto Iunius \ Montanus patri \ et Rutilia P(ublii) f(ilia) Rufa \ marito h(eredes) f(aciendum) c(urarunt)”** (tradución propia: "A Marco Xuño Robusto da tribu Quirina, erixiron esta memoria o seu fillo Xuño Montano e a súa muller Rutilia Rufa filla de Publio, que o herdaron") (Fita, 1911, p. 398).

O padre Fita xustifica a presenza deste cidadán romano con tria nomina e filiación a tribu Quirina poñéndoo en relación coa *Civitas Limicorum* en Nocelo da Pena<sup>29</sup>. De coñecer a proximidade dun xacemento de orixe romana como o de Ouvigo e a extensión do Xinzo romano, estou seguro que o arqueólogo tería matizado esta impresión.

En todo caso parece relevante sinalar que a documentación epigráfica confirma que a extensión da Quirina en Galicia é consecuencia directa da política dos Flavios e que o pobo dos *Limici*, se auto-organizou con maxistraturas municipais como son os *duumviri*, e que os seus cidadáns se adscribiron á tribu *Quirina* seguindo as leis flavianas<sup>30</sup>, amosando unha romanización moi temperá.

En relación á riqueza das mostras epigráficas e dos xacementos arqueolóxicos da contorna de Ouvigo, temos que ter en conta que Xinzo de Limia era a capitalidade, *de facto*, dos *limici*<sup>31</sup>. A proximidade entre Ouvigo e Xinzo de Limia, ben podería xustificar a existencia dunha densa poboación en altura, nas marxes da Lagoa de Antela relacionada coa rede viaria da zona e ligada historicamente ao que acontece na capital, con especial intensidade en épocas de crise seguindo un modelo de relación que se podería chegar a dar, por exemplo, entre o castro de Vilandoga e a *villae* de Doncide (Pol)<sup>32</sup>.

O descubrimento da forma, da extensión e da evolución desta densa poboación e súa relación co oratorio, será o reto que ten que adquirir corpo de tese nos próximos anos, a través dun proceso no que o diálogo coa poboación local, *legos* deste importante patrimonio, non será unha ferramenta menor.

### Conclusiones: Un proceso de patrimonio en comunidade

<sup>29</sup> FITA, F., 1911: 398.

<sup>30</sup> FERNÁNDEZ CALO, M., 2018: 137.

<sup>31</sup> PÉREZ LOSADA, F., 2002: 224-227.

<sup>32</sup> ARIAS VILAS, F., 1993: 201-208.

Estas son as consideracións que me impulsan a realizar unha investigación de máis amplo calado, que terá lugar nos próximos anos. Como xa comentei, aplicarei unha óptica na que pretendo estudar os xacementos e o achados da zona como unha paisaxe única.

Para iso, empregarei metodoloxías como son a lectura de fontes escritas clásicas e contemporáneas, o estudo dos materiais arqueolóxicos atopados. Tamén o uso extensivo das novas tecnoloxías, especialmente dos SIX (Sistemas de Información Xeográfica) e metodoloxías arqueolóxicas como a prospección en superficie.

Lamentablemente, no medio prazo non será posible afrontar novas escavacións arqueolóxicas, así que o peso da investigación ten que recaer en aproximación metodolóxicas menos convencionais.

Temos que ter en conta que, tanto en Mosteiro de Ribeira como en Ouvigo, deuse un proceso de espolio dos bens arqueolóxicos, especialmente en datas relativamente recentes. Poñamos como exemplo a desaparición do altar de Ouvigo<sup>33</sup> no século XX ou a desaparición dos epígrafes de Mosteiro de Ribeira, no século XIX.

Parece aconsellable, que todas as metodoloxías antes descritas, partan dun proceso de socialización do patrimonio, que reconecte á poboación local coa importancia do seu legado e coa necesidade do seu estudo e difusión.

O obxectivo é triple, por un lado contribuír a unha mellor conservación dos bens e, por outro lado, sacar á luz posibles elementos patrimoniais que, como a lauda *Begica*, se atopen ocultos en terreos privados e/ou, incluso, promover unha nova intervención arqueolóxica en área no medio prazo, esta vez si, co beneplácito da veciñanza.

Creo, que neste caso, a miña condición de oriúndo de Ouvigo, pode contribuír a abrir novos camiños ao coñecemento desta parte da comarca da Limia para que unha vez máis, as pegadas dos homes e mulleres do Seminario de Estudos Galegos, sexan os nosos pasos.

---

<sup>33</sup> COLMENERO A.R., 1985: 317.

## BIBLIOGRAFÍA

- AGRELO, A. I. B. (2019). Proposta para estandarización dos nomes na edición de textos medievais. *Liceo franciscano: revista de estudio e investigación*, 69(212), 45-78.
- ANGUEIRA, A. (2014). Literatura, paisaxe e toponimia: outra vez Sarmiento. *Madrygal*, 17, 153-161.
- ARIAS VILAS, F. (1993). Apuntes sobre a ocupación do territorio na Galicia baixorromana: castros e vilas. En *Galicia: da romanidade á xermanización. Problemas históricos e culturais. Actas do encontro científico en homenaxe a Fermín Bouza Brey (1901-1973)* (pp. 201-208). Santiago de Compostela: Instituto de Estudos Galegos "P. Sarmiento", Museo do Pobo Galego, Universidade de Santiago de Compostela.
- COLMENERO, A. R. (1985). Excavaciones arqueológicas en Ouvigo, Blancos (Orense). *Noticuario arqueológico hispánico*, (24), 263-388.
- COLMENERO, A. R. (2018). El oratorio paleocristián de Ouvigo (Os Blancos, Ourense): breve revisión. En J. López Quiroga (Coord.), *In tempore sueborum: el tiempo de los suevos en la Gallaecia (411-585), el primer reino medieval de Occidente: volumen de estudios*. Diputación Provincial de Ourense.
- CONCELLO DOS BLANCOS. (2017). *Proxecto de delimitación planimétrica dos xacementos arqueolóxicos dos Blancos*.
- CONCELLO DE XINZO DE LIMIA. (2003). *Plan Xeral de Ordenación Municipal (PXOM)*.
- DURO PEÑA, E. (1973). *Catálogo de los documentos privados en pergamino del Archivo de la Catedral de Orense (888-1554)*. Instituto de Estudios Orensanos "Padre Feijóo".
- FARIÑA JAMARDO, X. (1993). *Os concellos galegos. VI: Begonte - Carnota* (Vol. 2). Fundación Barrié de la Maza.
- FERNÁNDEZ CALO, M. (2018). Municipium y municipalización en la Asturia et Callaecia romanas. *Anuario da Facultade de Dereito da Universidade da Coruña*, 22, 97-137.
- FITA, F. (1911). Lápidas romanas de Mosteiro de Riveira, feligresía de Ginzo de Limia en la provincia de Orense. *Boletín de la Real Academia de la Historia*, 58, 388-407, 1911.
- GALLEGO DOMÍNGUEZ, O. (2001). *A cidade de Ourense. Unha visión a través dos séculos*. Museo Arqueolóxico Provincial.

- GARCÍA, S. B. (1996). Idacio: prodigios y providencialismo en su Crónica. *Memorias de historia antigua*, (17), 117-132.
- KROONEN, G. (2013). *Etymological dictionary of Proto-Germanic* (Vol. 11, Leiden Indo-European Etymological Dictionary Series). Brill Academic Publishers.
- MUSARQOU. (s.d.). *Catálogo do Patrimonio Cultural da Alta Limia*. Recuperado de <http://www.altalimia.org/>
- ORDUÑA REBOLLO, E. (2003). *Municipios y provincias. Historia de la organización territorial española*. FEMP-INAP-CEPC.
- PÉREZ LOSADA, F. (2002). Entre a Cidade e a Aldeia. Estudio arqueohistórico dos “aglomerados secundarios” romanos en Galicia. *Brigantium*, 13, A Coruña.
- RIVAS FERNÁNDEZ, J. C. (1990-1991). Las inscripciones romanas del “Castillo de Ganade” (Xinzo). Reparición de la I.R.G. nº. 67, y otras más inéditas. *Boletín Auriense*, 20-21, 221-232.
- TOMBO DE CELANOVA. (s.d.). *Tombo de Celanova*. Recuperado de <https://gmh.consellodacultura.gal/catalogo/ficha/f/110/>
- XUNTA DE GALICIA. (2024). *Plan Básico Autonómico*. Recuperado de <https://territoriourbanismo.xunta.gal/gl/territorio-e-urbanismo/plan-basico-autonomico-de-galicia>
- Xunta de Galicia. (s.d.). *Visor de Aproveitamentos Forestais*. Recuperado de <https://mapas.xunta.gal/visores/aproveitamentos/?locale=es>